

Reflexións e consideracións sobre a cidade de Lugo dende o XVI-XVIII

Salustiano Ferreirós Muinelo

Resumo: o presente traballo ten por obxecto ofrecer unha pequena visión sobre algúns dos aspectos máis relevantes da cidade de Lugo na Idade Moderna. Igualmente, preténdese transmitir unha idea clara acerca do que era un núcleo urbano galego do Antigo Réxime. É neles onde vivían e se establecían as elites sociais, se desenvolvía a economía moderna e a cultura letrada, actuando como foco de atracción e acubillo dos núcleos rurais do arredor.

Resumen: El presente trabajo tiene por objeto ofrecer una pequeña visión sobre alguno de los aspectos más relevantes de la ciudad de Lugo en la Edad Moderna. Igualmente, se pretende transmitir una idea clara sobre lo que era un núcleo urbano gallego del Antiguo Régimen. Es en ellos donde vivían y se establecían las élites sociales, se desarrollaba la economía moderna y la cultura letrada, actuando como un foco de atracción y acogida de los núcleos rurales del entorno.

Abstract: This paper aims to provide a small insight into some of the most important aspects of the city of Lugo in the Modern Age. We also intend to convey a clear idea of what was a Galician village of Old Regime. It is with them where they lived social elites, was developing the modern economy and legal culture, acting as a focus of attraction and shelter of villages in the environment.

Palabras clave: Lugo, cidade, Idade Moderna.

1. A evolución demográfica

Galicia, durante a Idade Moderna, é un país fundamentalmente rural, presentando unha taxa de urbanización das máis baixas do conxunto europeo. No XVI a poboación urbana non representa máis alá do 10-12% do total, mentres que no XVII só supón o 6%¹.

¹ ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, Burgo Lopez, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.122.

Das sete provincias galegas Lugo é a máis extensa, presentando un reparto desigual da poboación e con densidades moi baixas e sendo a máis ruralizada de todas elas.

A mediados do XVI Lugo, que presenta unha poboación duns 4000 veciños², ocupa o lugar número trece entre as cidades galegas, pero en lugar de quedarse estancada experimenta un crecemento importante durante este período. Ó longo do XVI Lugo vive un período de crecemento considerable da poboación, sobre todo, na segunda metade. O crecemento entre 1540-43/1582 situárase arredor do 76%³. Nas últimas décadas do XVI a poboación mantense estancada como consecuencia das dificultades agrarias e das crises demográficas de finais de século.

Como consecuencia da falta de fontes documentais é difícil coñecer a poboación de Lugo no XVII, pero neste século a tendencia de Galicia non é tan homoxénea como no século anterior, atopándose diferenzas entre os comportamentos demográficos das diferentes zonas galegas, as cales teñen que ver coas disparidades agrícolas. Non se producen en Lugo cambios importantes no XVII, presentando un comportamento semellante ó do medio rural circundante. Non se observan perdas de poboación nin crises demográficas, pero o crecemento no XVII foi moderado e seguramente non lineal.

O crecemento de Lugo continúa na primeira metade do XVIII, aínda que segue a ser un crecemento moderado e con fases de estancamento froito dos anos de crise. Sitúase agora Lugo no posto número sete entre os núcleos urbanos galegos. Será na segunda metade do XVIII cando Lugo coñeza un importante crecemento da poboación e que se estenderá ata a primeira metade do XIX, duplicando neste período a súa poboación. Este crecemento corre parello ó crecemento da Galicia interior, sendo Lugo na segunda metade do XVIII o centro de maior dinamismo de Galicia. Lugo medra na metade de século pola confluencia de dous factores: polo aumento da emigración de xente procedente do rural e polo seu propio crecemento vexetativo.

2. Os carácteres da familia e do grupo doméstico

Os grupos residenciais da cidade de Lugo presentan unha media de 4-3 individuos, un tamaño inferior ó dos fogares do medio rural circundante, pero superior ó resto dos núcleos urbanos galegos. A porcentaxe de fogares con 5 individuos ou máis non acada o 40%, cando no mesmo período, as parroquias rurais do contorno superaban o 60%⁴. En Lugo a media de integrantes por cada tipo de fogar tende a ser menos acusada cá no campo.

² ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.122.

³ ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.123.

⁴ SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Deputación Provincial, 2001, p.72.

Obsérvase un gran peso do servizo doméstico no tamaño dos fogares do medio urbano, sendo isto más relevante no caso dos grupos privilexiados, diferenciando entre os que posúen criados ou non. O nivel de fortuna e o status social xunto coa complexidade das estruturas familiares actúan como factores determinantes dos fogares urbanos. Os grupos privilexiados son os que posúen un tamaño familiar máis amplo, seguidos dos artesáns, comerciantes e labradores e, nun último posto, estarían os individuos sen oficio, xornaleiros, peóns e pobres.

Na cidade de Lugo apréciase un maior peso dos fogares solitarios ó tempo que se consolida un predominio dos fogares nucleares sobre os complexos. Case todos os fogares de solitarios están formados por mulleres solteiras, xa que moitas mozas acoden á cidade coa esperanza de atopar traballo e así poder tamén mellorar a súa posición social.

En Lugo détécstate un claro dominio do fogar nuclear, con e sen fillos. Unha estrutura esta que caracteriza o 68,3% dos grupos domésticos e que abrangue a case o 70% da poboación⁵. Priman os fogares nos que conviven os cónxuxes con fillos, seguidos daqueles rexentados por viúvos/as con descendencia. En xeral, obsérvase un volume de fogares nucleares amplo.

Entre mediados do XVIII e finais do XIX, o tamaño dos fogares de Lugo experimenta un paulatino descenso froito dos cambios nas estruturas familiares, que tenden a perder complexidade e a incrementarse o número de fogares solitarios. Así, unha das características da evolución dos grupos domésticos de Lugo será a simplificación das estruturas familiares coa progresiva diminución dos fogares complexos. Esta simplificación ten lugar como consecuencia da intensificación dos fogares solteiros e sen estrutura.

3. As características económicas

Lugo presenta unha importante diversificación das súas actividades económicas, configurándose, sobre todo, como un centro artesanal e comercial, cunha grande influencia no seu medio circundante, moi ruralizado, así como cunha notable diversidade socio-profesional. Desde o XVI, en Lugo, dentro dos grupos artesáns destacan aqueles pertenecentes a oficios tradicionais, sobre todo, os relacionados coa industria téxtil e do coiro.

Ó longo da segunda metade do XVI, os oficios relacionados coa industria téxtil adquirirán un amplio desenvolvemento. O concello, durante os séculos XVI-XVII, trata de controlar a execución dos oficios de carácter téxtil, nomeando para iso examinadores que mediante un exame certifican a cualificación para conceder o título de xastre ou tecedor. Os distintos oficios do sector téxtil organizábanse en cofradías

⁵ SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Diputación Provincial, 2001, p.75.

gremiais, que defenden os intereses profesionais dos seus membros e se encargan da celebración de actos relixiosos.

A mediados do XVIII, os oficios relacionados coa industria téxtil supoñen o 35.8% do artesanado da cidade⁶, o que demostra unha grande tradición deste tipo de actividades artesanais. As tarefas de tecido eran compartidas por homes e mulleres. Os xastres elaboran e remendan todo tipo de prendas de vestido. Os botoeiros, cordoeiros, bolseiros e teñidores de sobreiros completan o grupo de artesáns pertencentes ó ramo téxtil.

A industria dos curtidos tivo desde pronto un grande arraigo na cidade. Ó longo da segunda metade do XVI, este tipo de manufacturas coñece certa expansión, ocupando cada vez a máis profesionais. Proba desta expansión é a proliferación de pilos de curtir peles nos arrabaldes. Esa expansión provoca que a preparación dos curtidos sexa obxecto de medidas de control por parte dos concellos das cidades e vilas galegas, examinando mediante vehedores os zapateiros, bolseiros e curtidores. Existe unha preocupación do concello por destinar os coiros curtidos á fabricación de zapatitos para abastecer a cidade, regulando o seu prezo, e evitando que a producción de coiros saia do núcleo urbano. Pretenden tamén os curtidores establezan os seus pilos fóra da cidade, xunto ó río Miño.

A materia prima empregada polos curtidores procedía de toda clase de animais, a meirande parte procedentes dos despoxos do gando sacrificado para o abastecemento cárnico da cidade, das reses procedentes do rural, e incluso da caza de animais como os lobos.

Ademais dos sectores téxtils e do coiro atópanse outras actividades relacionadas coa construcción e o traballo da madeira, ferro-metal, etc. Trátase dun ramo, o da construcción, con certa importancia no seo das actividades mecánicas e relacionado coas demandas orixinadas polo crecemento demográfico que experimenta Lugo ó longo do XVIII. As actividades relacionadas co traballo da madeira reúnen xa desde o XVI a varios carpinteiros, silleiros e toneleiros. Ferreiros, latoeiros, ferradores, cerralleiros, etc, compoñían o sector metalúrxico en Lugo na segunda metade do XVI, e que pervivirán ao longo de todo o período moderno. A parte destes oficios, a medios do XVII existían na cidade outros artesáns como cereiros, coheteiros, prateiros, así como outros relacionados coa alimentación como forneiros, chocolateiros, etc.

Durante o período moderno, vaise configurando na cidade de Lugo un sector artesanal que se caracteriza por ser un grupo socio-profesional modesto, cuns ingresos medios inferiores ós doutras vilas e cidades. É un sector que vai adquirindo protagonismo na vida económica da cidade mediante o desenvolvemento de actividades tradicionais que abastecían as necesidades básicas da cidade e do contorno e que incluso tiñan unha saída comercial cara outros puntos galegos ou de Castela.

⁶ SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Deputación Provincial, 2001, p.123.

O comercio e a hostalería, a mediados do XVIII, en Lugo, supuñan o 28% do sector terciario⁷. Nela estaban establecidos varios mercaderes, tratantes de xéneros, tendeiros, merceiros e algúns estanquilleiros, así como pousadeiros, mesoneiros e taberneiros.

Os mercaderes polo miúdo son os que maiores beneficios obteñen das súas actividades comerciais. Moitos deles son mercaderes de panos, que se ocupan de comerciar coa producción téxtil xerada na cidade e as súas áreas rurais circundantes. Os mercaderes de viño, encargados de abastecer de caldos a cidade, reciben uns ingresos inferiores. Na cidade existen tamén tratantes de varios xéneros, que trafican con mercancías relacionadas coa alimentación, etc, así como tamén tendeiros e merceiros.

O sector do pequeno comercio lucense emprega a varios veciños, que co seu traballo abastecen a cidade de todo tipo de mercadorías. Non obstante, non podemos falar en Lugo da existencia dunha burguesía mercantil semellante á de Santiago.

4. Os grupos sociais e a súa importancia

Lugo acolle, nestes séculos, a unha numerosa clase de rendistas, tanto laicos coma eclesiásticos, que representan o grupo más destacado da cidade e de maior relevancia social e política.

Na cidade de Lugo obsérvase unha maior presenza de fidalgos cá nas outras cidades galegas, presentando a proporción máis ampla de fidalgos de toda Galicia. Non é a fidalguía un grupo homoxéneo desde o punto de vista económico e a propia liñaxe, por ela mesma, non é suficiente para formar parte da elite social. Non obstante, facendo unha análise dos veciños legos que pertencen á elite da cidade obsérvase que é a fidalguía rendista a que domina a cidade.

Algunhas das familias que encontramos en Lugo no XVII son de liñaxe antigo, como os Gayoso. Outras pertenecen a casas fundadas na segunda metade do XVI ou XVII, outras son de orixe urbana, como os Ulloa e outras van chegando dende os seus dominios rurais á cidade. Estas familias son as que teñen o control político da cidade, desempeñando os cargos de rexedores e alcaldes, así como os de oficiais de exército e os da administración real e eclesiástica. A fortuna deste grupo social está baseada na percepción de rendas agrícolas.

Á parte da súa riqueza, outro elemento que diferencia a este grupo son as súas condicións culturais, así como as súas relacóns sociais e formas de vida, marcadas estas últimas polo afán de aparentar, xa que para manter o prestixio social hai que vivir de acordo a unhas pautas e regras.

⁷ SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Deputación Provincial, 2001, p.135.

Documéntase tamén un importante número de eclesiásticos ó actuar Lugo como centro episcopal. A mediados do XVIII cerca do 8% dos fogares lucenses están rexidos por eclesiásticos, o que representa o 7% dos habitantes totais da cidade⁸.

A cidade actúa como o centro do poder eclesiástico, económico e señorial do bispo, que á parte de ser o señor da cidade mantén un dominio señorial. Este dominio non traspasa as barreiras da provincia, senón que se desenvolve nos arredores da cidade.

Os bispos lucenses non son nados no reino, de forma que entre 1500 e 1811 tan só hai dous bispos galegos⁹. A pesar de ser Lugo unha sede de entrada, debido ás escasas rendas, os prelados manteñen unha formación moi elevada e son, sobre todo, clérigos regulares. A sede lucense sufriu o absentismo dos seus prelados, pero a partir do Concilio de Trento obsérvase un maior cumprimento das súas obrigas. Os ingresos do prelado lucense proceden, maioritariamente, do décimo, ó que se lle suma a renda procedente dunha escasa propiedade territorial. Unha parte destes ingresos dedícanse a obras de caridade, á construcción e sostemento de obras de beneficencia, así como a manter a súa casa.

Ó lado do bispo está o cabido catedralicio, formado por once dignidades, quince cóengos, dous racioneiros e un sochantedre. Dignidades e cóengos pertencen en número importante á fidalguía local, chegando algúns deles de fóra de Galicia. É o cabido unha institución rendista, repartíndose os seus ingresos entre os cóengos. As dignidades teñen asignadas un corpo de rendas propias, polo que manteñen un nivel de vida similar á da élite á que pertence. Pola contra, os capeláns e presbíteros teñen un menor poder económico.

O grosor da poboación de Lugo fórmano artesáns e labradores. Presentan unhas economías modestas e o seu nivel de vida difire, considerablemente, dos grupos privilexiados. As súas casas soen ser dun só piso, incluíndo xeralmente cortes e hortas. Unhas casas que poucos teñen en propiedade e afastadas do centro da cidade. Entre eles non se pode falar de servidume, sendo a meirande parte deles traballadores dos talleres. Moitos dos artesáns da cidade proceden do medio rural, mantendo relacións sociais e matrimoniais dentro do seu mesmo grupo profesional.

Non falta tampouco a presenza de pobres. Por un lado, estarían os pobres estruturais (anciáns, diminuídos), que pola súa condición física ou idade non se poden gañar a vida e, por outro, os pobres conxunturais (campesiños), que chegan á cidade procedentes do rural en épocas de crises agrícolas. Vida e, por outro, os primeiros son aceptados, os segundos son vistos con malos ollos polas autoridades e pola poboación, xa que temen que alteren a orde pública. En moitos casos chegan a ser expulsados. A beneficencia estaba na súa totalidade en mans do clero, repartindo pan e mantendo institucións destinadas á beneficencia.

⁸ ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.138.

⁹ ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.139.

Outro dos grandes problemas socias das cidades da Idade Moderna é o dos expósitos, pois no medio urbano non só se abandonan os nenos nacidos nelas senón tamén os da área rural do contorno. En Lugo, a mediados do XVIII preto do 2% dos nenos bautizados son expósitos¹⁰, aumentando o seu número nas décadas finais deste século. Estes nenos son enviados a Santiago, a única cidade que conta cunha inclusa, ata que a finais do XVIII aparecen outras como Mondoñedo.

5. As mulleres urbanas

As mulleres, como directoras dos fogares lucenses, teñen un peso escaso, o cal se ve reducido co tempo. No 1762 tan só o 11,47% dos fogares están dirixidos por unha muller, sempre viúva ou solteira, representando o 8,5 e 4% respectivamente¹¹. Obsérvase entre as viúvas unha distinción entre as que levan o tratamento de dona e as restantes. Son minoritarias as primeiras e sen fillos, contando con servizo doméstico, o cal, normalmente, se asenta nas casas destas. A situación das solteiras presenta unha situación máis homoxénea, presentando un nivel de vida semellante unha das outras. Nestes grupos de viúvas e solteiras é onde se atopan os fogares máis pequenos, pois a maioría delas viven soas.

Polo que respecta ó traballo feminino dicir que este é pouco visible, privilexiándose as actividades desenvoltas polos homes. Así, no Catastro de Ensenada só se fai mención a un reducido número de mulleres de cabezas de casa, con traballo remunerado. Segundo o Catastro, a mediados do XVIII dun total de 1105 mulleres adultas en idade de traballar só o 33,4% desempeñaban un traballo remunerado¹², sobre todo, no sector doméstico. Trátase de traballos relacionados co comercio ou ben actividades de transformación relacionadas cos sectores téxtil e alimenticio. Desenvolven as mulleres a súa actividade no ámbito do doméstico, xogando un papel importante na economía familiar de artesáns, pequenos comerciantes, etc, ó colaborar cos seus mariados nas súas actividades e negocios familiares.

No mundo urbano as mulleres, na súa maioría procedentes do rural, atoparán traballo como criadas. Estas mulleres acoden á cidade na procura de traballo e así axudar á pobre economía familiar, así como para mellorar as súas perspectivas de vida e acadar un certo grado de independencia. As tarefas que van a desenvolver non defiren moito das que desempeñaban nos seus antigos fogares, levando a cabo agora traballos que transfiren o eido do estreitamente doméstico. Se ben o 28,4% dos fogares da cidade de Lugo contan con servizo doméstico a súa distribución varía en función dos

¹⁰ ARIAS VILAS, Felipe, Novo GAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001, p.148.

¹¹ BURGO LOPEZ, Concepción, "Hidalgos, clérigos y artesanos: la sociedad lucense a mediados del XVIII", en *Universitas: homenaje a Anonio Eiras Roel*, v. 1, 2002, p.381.

¹² SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizos de Publicacións Deputación Provincial, 2001, p.111.

diferentes estratos sociais¹³. Serán os fogares de fidalgos, eclesiásticos, profesións liberais e comerciantes os que contan cun maior números de criadas.

6. A organización administrativa

O señor da cidade de Lugo será o bispo. Este exerce o control sobre a súa xurisdición desde a propia cidade, mediante cargos como os de merino e o de alcalde maior. O poder do señor ten o contrapeso do concello, que se estrutura en tres niveis. Por un lado, o rexemento, formado pola reunión dos rexedores encargados do goberno da cidade, e que aumentarán o seu número ó longo da Idade Moderna. Estes son nomeados polo bispo, e que teñen como unha das súas principais obrigas o abastecemento da cidade, recorrendo o concello para iso a intermediarios. Por outro lado, estaría a xustiza, que inclúe dous alcaldes ordinarios, que se encargan das cuestións xudiciais ademais de ter funcións gubernativas. Son nomeados polo bispo entre os candidatos propostos polos rexedores. Por último, o procurador xeral, nomeado polos veciños, e que presenta como atribucións defender os intereses da cidade e a xurisdición e dereitos da cidade, seguindo todos os preitos que lle afectan tanto a ela como ós intereses da provincia. A reunión de ambos os tres configura o órgano de goberno da cidade, o concello.

Este goberno recae en mans da elite local, dun número pequeno de liñaxes locais, producíndose dende o XVI un proceso de aristocratización e oligarquización do concello. Este dominio da oligarquía só é freado polo señor, que procura colocar os seus clientes e familiares nos cargos do concello para poder controlalo, producíndose conflitos entre o señor e o concello. A Real Audiencia actuará como árbitro entre o poder señorial e do concello. En xeral, ó longo da Idade Moderna, obsérvase un afianzamento do poder municipal fronte ó señorial.

O concello sostense economicamente coa recadación dunha serie de rendas e bens, que se ven completadas cunha serie de propiedades rurais e urbanas de escasa extensión. A estes ingresos engadénselles os percibidos dos foros, sendo un dos principais ingresos cos que conta a facenda de Lugo, así como os ingresos procedentes das multas cobradas polo concello ós infractores das ordenanzas locais. De todas formas, a situación do concello lugués nunca foi especialmente próspera.

7. A educación e a cultura

Como característica xeral apuntar que a sociedade dos séculos modernos é profundamente iletrada, presentando altos índices de analfabetismo. Pódese dicir que,

seguramente, o índice de alfabetización na cidade de Lugo é maior cá no medio rural. A pesar de estas elevadas taxas constátase que, desde mediados do XVII, se produce un aumento da poboación que logra asinar. As mulleres sofren máis a analfabetización cós homes. O clero e a fidalguía teñen niveis de alfabetización do 100%, así como os dedicados ás profesións liberais. Os artesáns presentan niveis máis baixos e a alfabetización dos campesiños é moi escasa.

Toda esta situación é froito da falta de institucións educativas. A instrución non fora preocupación do estado polo menos ata a segunda metade do XVIII, quedando o problema en mans das institucións eclesiásticas, carecendo Lugo de centros educativos. O concello sostén polo menos un mestre desde 1551. Con anterioridade houbo algúin, pero non era fácil mantelo como consecuencia da escasa remuneración que este percibía. A mediados do XVIII só se censan dous mestres. Así, os escasos recursos de instrución quedaban en mans da Igrexa. Na segunda metade do XVIII concrétase a creación de centros educativos, destacando neste labor o bispo Armaña, que impulsou a creación de escolas para nenos.

Lugo conta dende 1559 co Seminario de San Lourenzo, sendo o seu nivel de estudos modesto. Como consecuencia da falla de medios as actividades académicas non se regulan ata 1624, sendo o ciclo de estudos moi reducido, xa que se limitaba ó estudio de gramática e filosofía. O Seminario foi o único centro de estudos permanente na cidade e as súas ensinanzas aplicanse tanto ós colexios internos coma eclesiásticos.

O aspecto do universo mental que mellor se coñece no período moderno é o que se refire ás actitudes ante á morte, feito facilmente entendible nun mundo no que o relixioso impregna e abrangue todos os aspectos da vida e onde unha das crenzas más estendidas é a do Mais Alá. Para acadar a salvación eterna non só se precisaba unha vida conforme ós preceptos doutrina eclesiástica, senón tamén ter unha boa morte con auxilios espirituais e asegurar o xuizo positivo con toda unha serie de prácticas. Entre estas prácticas destaca a mortalla, preferindo os veciños de Lugo como sudario o hábito de San Francisco, seguido xa na segunda metade do XVIII polo hábito de Santo Domingo; os lugares de enterramento, predominando nun primeiro momento os enterramentos na catedral, así como nos conventos no XVIII ata que na segunda metade do XIX se establecen como lugar de inhumación os cemiterios públicos para "...nos evita padecer un contagio nacido de los pestíferos olores que exhalan tantos cuerpos corrompidos; encerrados y sepultados bajo un pequeño recinto..."¹⁴; ofrendas, aínda que estas gozan dun menor arraigo cá no rural e as misas, cuxo número varía en función do nivel económico do finado, observándose un aumento do número destas entre o XVI-XVIII, cun receso a partir de finais do XIX.

No Antigo Réxime a morte adquire un carácter social, o que se reflicte, por exemplo, nos enterros, que se convertían en actos públicos, e nos que participaba boa parte

¹³ SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Deputación Provincial, 2001, p.69.

¹⁴ SOBRADO CORREA, Hortensio, "Cerimonial religioso y más allá. Actitudes populares ante la muerte en la ciudad de Lugo (1550-1860)", *Lucensia*, n.º 17, 1998, p.274.

da cidade. Unha das notas más características desta práctica social era o acompañamento do cadáver por un grupo de pobres, vestidos de rigoroso loito e que rogaban pola salvación da alma do finado. Esta práctica adquiría un carácter de maior ostentación e pulo no caso dos funerais dos individuos de recoñecido status social e económico da cidade.

Actuaban pois as celebracións relixiosas como marcos de sociabilidade, pero existen tamén outros que están moi relacionados coas tradicións labregas. Á parte dos marcos de sociabilidade rural (fontes, muíños, hortas, etc), existen dentro da cidade outros lugares de divertimento e de relación social coma a Igrexa, a taberna, etc.

No mundo da diversión as festas xogaban un papel importante. As festas transcenden o ámbito da diversión, xa que actuaban como un elemento afianzador da organización e da estrutura social, así como vehículo de propaganda política e relixiosa. No Lugo moderno había un importante número de festas relixiosas e civís, mesturándose en ambas elementos relixiosos e profanos.

8. Conclusión

Lugo é, na Idade Moderna, unha cidade modesta. Non obstante, non permanece allea ós novos camiños e derroteiros que se observan no resto dos núcleos urbanos galegos da época, aínda que o grao de implantación das novas mudanzas será menor e más pausado. Experimenta Lugo un crecemento demográfico e económico, producíndose agora un maior peso do concello fronte ó poder da Igrexa na organización administrativa da cidade. Unha sociedade na que segue presente a tradicional diferenciación entre o grupo dos privilexiados e os non privilexiados, na que a muller segue relegada ó ámbito doméstico, e na que dominan os fogares nucleares como forma de organización da familia. Igualmente, a sociedade lucense desta época presenta como notas definitorias o respecto cara á práctica arredor dos mortos, así como un alto índice de analfabetismo da meirande parte da poboación.

Bibliografía

- ARIAS VILAS, Felipe, Novo CAZÓN, José Luis, BURGO LOPEZ, Concepción, SOUTO BLANCO, María Jesús, *Historia de Lugo*, A Coruña, Vía Láctea, 2001.
- BURGO LOPEZ, Concepción, "Hidalgos, clérigos y artesanos: la sociedad lucense a mediados del XVIII", en *Universitas: homenaje a Anonio Eiras Roel*, v. 1, 2002, pp. 361-382.
- PEIRÓ GRANER, María de las Nieves, "A poboación de Lugo no século XVI. Catro inventarios (1542, 1543, 1544 e 1587)", *Lucensia*, n.º 4, 1991, pp.69-95.
- SAAVEDRA VÁZQUEZ, María del Carmen., *Galicia da Idade Moderna*, A Coruña, Vía Láctea, 1995.
- SOBRADO CORREA, Hortensio, "Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860)", *Obradoiro de Historia Moderna*, n.º 5, 1996, pp.7-40.
- SOBRADO CORREA, Hotensio, *Vinculeiros, célibes y bastardos. Economía y organización familiar en las tierras lucenses, siglos XVI-XIX*, Santiago, tese doutoral inédita, 1997.
- SOBRADO CORREA, Hortensio, "Ceremonial religioso y más allá. Actitudes populares ante la muerte en la ciudad de Lugo (1550-1860)", *Lucensia*, n.º 17, 1998, pp.267-286.
- SOBRADO CORREA, Hortensio, *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen*, Lugo, Servizo de Publicacións Deputación Provincial, 2001.